

## Novos ingresos en Navantia: de mal en peor



Onte houbo unha nova xuntanza entre Navantia e as comisións de Formación dos comités de empresa das factorías de Fene e Ferrol, e a cousa vai de mal en peor: **a empresa comunicou onte que nas prazas de universitarios junior non pensa publicar ningunha lista, nin de admitidos nin de non admitidos. Por tanto, tampouco haberá ningún período de reclamacións.**

Todo este proceso das prazas de Navantia comezou mal, empezando pola sinatura entre a empresa e o anterior comité de empresa dunhas bases para as prazas junior suspendidas uns días despois para renegocialas, seguindo polo límite dun **máximo de 3 anos de experiencia profesional** (o cal é de dubidosa legalidade), por unhas **probos de acceso para as prazas de titulacións universitarias sen ningunha proba obxectiva**, por un **nivel escandaloso de non admitidos nas listas provisorias de operarios e empregados junior (66'2%)**, pola **imposibilidade de subsanar erros ou aportar documentación pendente** (intención na que a empresa se ratificou onte), polo **anuncio de ingresos de operarios sen convocatoria pública...** E onte, esta última ?novidade?, que, visto o visto, nos tememos que non será a derradeira.

Navantia é una empresa **pública**. **Este nivel de escurantismo é inaceptable. Que se quere ocultar?**

O que está pasando é grave e a **CGT** pensa que hai que dicir ¡basta!

e esixir:

**Probas de acceso obxectivas** para tódalas prazas, incluídas as de titulados universitarios. **Publicación das listas de admitidos e non admitidos, e período de reclamacións** en tódolos casos. **Dereito a subsanar erros ou aportar documentación pendente** nos períodos de reclamación. **Convocatoria pública de tódalas prazas.**

O comité de empresa de Navantia-Ferrol debe abrir un proceso de debate sobre toda esta situación co conxunto dos traballadores a través dunha rolda de asembleas parciais, culminando a mesma cunha asemblea xeral na que se decidan as posibles medidas a tomar.

Sección Sindical Unitaria de CGT en Navantia-Ferrol